

# Educación Plástica e Visual 1º e 3º da ESO

## Programación didáctica

Coordinador do proxecto: José-Eulogio Rouco Lamela

Autoría: Domingo Díaz Docampo, Gema Jiménez de la Fuente, Ana López Gullón, Ignacio Niño Ricoy, José Manuel Rey Bao, Jose-Eulogio Rouco Lamela e María José Santiso Gómez

Baía Edicións – Consorcio Editorial Galego

### 1. Introducción

Actualmente os obxectivos e os contidos da Área de Educación Plástica e Visual na Comunidade Autónoma de Galicia, que abarca a etapa formativa de 12 a 16 anos, están regulados polo Decreto 133/2007, do 5 de xullo (DOG núm.: 136, de 13 de xullo de 2007).

A ESO entende a Educación Plástica e Visual (EPV) como motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa.

A sociedade actual posúe unha extraordinaria capacidade para producir e consumir imaxes. Estas son facilmente transmisíbeis e chegan a toda a sociedade a través dos medios de comunicación, constituíndo un poderoso medio de expresión, coñecemento e transformación da realidade, podéndose converter nun medio de manipulación do pensamento das persoas. Cómpre potenciar, a través da análise e da valoración das mensaxes visuais, un xuízo crítico no alumnado co que poida alcanzar un criterio propio.

Na Educación Primaria, o desenvolvemento das capacidades perceptivas, creativas e expresivas expónse dun xeito global, nunha área integrada por contidos procedentes de distintos ámbitos. Na Secundaria Obrigatoria pódense adquirir destrezas e facer análises máis particulares e específicas. Deste xeito a EPV organízase como unha materia independente.

A percepción visual é un proceso cognitivo relacionado co resto dos procesos cognitivos, que implica un conxunto de estratexias básicas: seleccionar, analizar, distinguir, relacionar etc. Aínda que todas as áreas do currículo desenvolven a capacidade de observación do alumnado, a EPV incide especificamente no desenvolvemento da percepción e no pensamento visual. A creación de imaxes e o coñecemento dos códigos que interveñen neste proceso, así como dos fundamentos da linguaxe visual e plástica, axudarán ao desenvolvemento da capacidade creativa e imaxinativa do alumnado á resolución dos procesos de creación artística.

A materia de EPV debe contribuír a desenvolver dous aspectos fundamentais da formación, estreitamente relacionados entre si: a percepción e a representación, **saber ver** e **saber facer**. Os eixes que vertebran este currículo representan dúas cuestións fundamentais para a adquisición das capacidades que se pretenden: ensinar a ver, ensinar a representar.

**Saber ver** implica valorar o contíngente da información visual e a análise crítica da realidade. Implica tamén a necesidade de educar na percepción que supón ser capaz de valorar criticamente unha información visual e mesmo chegar a conclusións persoais de acordo cunha escala de valores propia.

**Saber facer** implica a acción de investigación tendente á produción artístico-creativa e a realización de representacións expresivo-comunicativas, propiciando a adquisición de capacidades creativas. Saber facer implica a necesidade de educar no deseño, planificación, produción e creación de mensaxes icónicas, que supón ser capaz de expresarse utilizando códigos propios das linguaxes visuais.

O camiño para a consecución destes obxectivos pasa indefectiblemente pola elaboración dunha programación axeitada para os niveis correspondentes á ESO que inclúa as características diferenciais do noso país, a nosa forma de entender o mundo e as experiencias propias, baseadas no coñecemento da nosa cultura, da nosa arte e do noso modo de expresión.

Este sentido propio de articulación do coñecemento non exclúe o respecto e a valoración dos modos de expresión universais nin o illamento fronte os fenómenos máis actuais da comunicación e os novos medios de expresión, especialmente cambiantes e en continua evolución.

Desde esta perspectiva o proxecto que presentamos supón un importante reto de actualización de contidos de cara a facilitar ás nosas alumnas e aos nosos alumnos os recursos necesarios para desenvolverse con facilidade nestes campos, fronte ás mais vellas concepcións da materia e da Área de Educación Plástica e Visual.

Fronte a outros ordenamentos lectivos, como pode ser a distribución dos contidos en catro cursos, en Galicia propónse distribuír os contidos da Educación Plástica e Visual para o Primeiro Ciclo en único curso, e en dous cursos para o Segundo Ciclo, sendo o último deles optativo. Isto comprométenos a deseñar para Primeiro Curso unha secuencia de contidos que abarque á vez a totalidade dos obxectivos correspondentes ao Primeiro Ciclo e estableza unha conexión cos obxectivos e contidos a desenvolver ao longo do Segundo Ciclo da ESO. O mesmo problema volve presentarse no Segundo Ciclo, pois boa parte do alumnado acabará a súa formación estética en Terceiro Curso, ao ser o Cuarto optativo.

Sabemos que resulta difícil realizar unha proposta de secuenciación que responda de forma efectiva a todas as demandas, aos distintos contextos, que poidan xurdir en contornos sociais diferentes, pero consideramos que o nivel de información e de acceso dos produtos culturais da nosa sociedade chegan case que coa mesma frecuencia, aínda que non coa mesma intensidade, a todos os recunchos do noso país e que, por tanto, con pequenas variantes, pensamos que toda a información contida nos manuais da EPV na ESO resultarán de utilidade e de fácil comprensión e asimilación por parte dos nosos alumnos e alumnas. É labor do profesorado da materia seleccionar aqueles dos seus contidos máis achegados á realidade en que se desenvolve, así como de decidir o nivel de coñecementos dos alumnos fronte á totalidade das propostas feitas nos manuais.

Nese sentido a programación pretende recoller de forma exhaustiva os contidos máximos que se poden desenvolver en cada un dos cursos, sendo responsabilidade do profesor escoller aqueles que considere mais axeitados aos seus alumnos en función dos condicionantes anteriormente indicados.

Tamén resulta conveniente regular estes contidos de forma que superen os problemas derivados da falta de continuidade que a Área de EPV sofre ao longo da etapa, polo que os contidos desenvolvidos en cada un dos cursos deben ter un sentido propio e completo, non secuencial, co fin de non deixar sen tratar aspectos fundamentais da materia.

Esta proposta de Programación de Aula que presentamos xunto cos manuais de EPV para Primeiro e Terceiro Cursos da ESO pretende dar ao profesorado desta Área unha documentación imprescindible tanto para encarar a súa actividade na aula como para a elaboración do Proxecto Curricular de Centro e as Programacións para cada un dos cursos e niveis educativos da ESO.

Como toda obra humana, esta proposta, aínda que, feita con moito esforzo e unha grande ilusión, é susceptible de mellora. É por isto que desexamos contar coa vosa colaboración e axuda en todo aquilo que consideredes oportuno, poñéndoos en contacto con nós a través da editorial para calquera suxestións ou crítica que queirades facer.

Un saúdo.

Os Autores.

## **2. A Educación Plástica e Visual no novo marco curricular**

Os sucesivos cambios legislativos en materia educativa nos últimos anos obrigan a revisar e actualizar todos os currículos (obxectivos, contidos e criterios de avaliación) da Educación Secundaria, co fin de adecualos á realidade social e científica cambiante que viven os estudantes no momento actual.

Neste sentido, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria propón unha programación xeral para toda a etapa ordenada en ciclos e cursos que debe servir de guía ou orientación para que os profesores dos distintos centros elaboren a súa propia programación.

Na mesma dirección os nosos textos presentan unha proposta, ao mesmo tempo, axustada a esta orientación didáctica de referencia e que parte da nosa propia concepción da área e o seu itinerario pedagóxico.

A EPV aparece integrada nunha nova estrutura de planificación didáctica e xestión dos Centros. Esta estrutura pretende un cambio substancial nas formulacións e o desenvolvemento da experiencia didáctica, sobre todo no que atinxe a Educación Obrigatoria.

Esta estrutura dota de autonomía curricular aos centros para deseñar os seus propios contidos, para definir os seus métodos pedagóxicos e a súa organización. Tamén é a base xurídico-política sobre a que se asenta o deseño curricular aberto.

A estrutura organízase en torno a uns instrumentos, como son o PEC (Proxecto Educativo de Centro) e o PCC (Proxecto Curricular de Centro). No PEC debe ir o ideario do centro, sempre que cumpra os presupostos contemplados na vixente lexislación educativa. No PCC deben ir os obxectivos e contidos de Área e Ciclo, a secuenciación dos mesmos e os métodos de avaliación.

Para regular a elaboración de todos estes documentos establécense tres niveis de concreción, que son os diferentes pasos que conducen desde a elaboración da lei, dos documentos curriculares base e os decretos de mínimos até a elaboración das distintas unidades didácticas a impartir na aula.

O primeiro nivel de concreción, que ten carácter prescricional, corresponde ás Autoridades educativas estatais e autonómicas e exprésase por medio de leis e decretos polos que se establecen os obxectivos e os contidos a desenvolver en cada unha das áreas e dos niveis educativos.

O segundo nivel de concreción corresponde ao Centro educativo e maniféstase na elaboración do PEC e do PCC.

O terceiro nivel de concreción compete ás áreas e aos profesores que as imparten, manifestándose nas Unidades didácticas e na secuencia destas, denominada Programación de Aula, que debe reflectir os contidos incluídos no PCC.

## **2.1. O PEC e o PCC**

O PEC está formado por tres bloques que responden ás seguintes preguntas: Quen somos?, que pretendemos? e, finalmente, como nos organizamos?

Á primeira cuestión respóndese mediante a formulación dos sinais de identidade do Centro Educativo. Estes sinais responden a unha identificación das condicións físicas, sociais e culturais que son específicas de cada lugar da nosa xeografía e que condicionan de maneira moi determinante as expectativas e os obxectivos da comunidade escolar.

En canto á pregunta “Que pretendemos?”. esta respóndese mediante a formulación dos obxectivos xerais do Centro. Estes obxectivos deben ser finais, é dicir, deben cumprirse ao finalizar a etapa formativa e perseguen o pleno desenvolvemento da personalidade da alumna e do alumno, a adquisición de coñecementos útiles e a integración na vida social e cultural da súa comunidade.

O bloque final do PEC responde á necesidade de explicitar unha estrutura organizativa que ten a súa expresión formal no Regulamento de Réxime Interno (RRI). Este Regulamento debe ser a expresión das normas de convivencia e relación das que libremente se dota a comunidade escolar para organizar as distintas unidades de que está formada.

O PCC, á súa vez, está formado, xunto cos obxectivos xerais da etapa, sinalados tamén no PEC, polos obxectivos xerais de Ciclo e de Área e pola secuenciación de contidos que se considere máis eficaz para a consecución dos obxectivos. Ademais disto o PCC deberá incluír as opcións metodolóxicas máis adecuadas en cada caso, así como as pautas criterios de avaliación que servirán para a promoción dos alumnos a etapas superiores.

## **2.2. A Programación de Aula**

A Programación de Aula correspóndese co terceiro nivel marcado pola lei. Este nivel está baixo a responsabilidade da profesora ou profesor de EPV.

A Programación de Aula refírese á estruturación e previsión dos procesos de aprendizaxe, realízase en diversos niveis e fases: desde a programación global até a programación de cada unidade didáctica coas súas secuencias de aprendizaxe e indicacións de actividades concretas.

Neste nivel de concreción preténdese, entre outros obxectivos, favorecer a integración de todas as propostas viábeis nunha estrutura coherente e única, froito da negociación e do consenso, que permita á vez unha reflexión sobre a práctica docente e unha verdadeira adaptación ao contorno social e ás necesidades do alumnado e que evite as actuacións individuais do profesorado cando estas carecen de rigor.

Este esforzo obríganos a marcar obxectivos e cumprilos, a saber onde nos diriximos e se temos métodos de avaliación eficaces para comprobalo.

Mediante o uso de diferentes estratexias debemos adaptarnos ao alumno e non pretender que este se adapte a uns contidos que non comprende ou que no lle interesan. Tamén debemos comprender que son os alumnos os verdadeiros protagonistas do proceso de ensinanza-aprendizaxe e que o profesorado non pode impoñer aquilo que o alumno non perciba como unha necesidade.

Por último, debemos actuar en función das necesidades considerando o Centro Educativo e a Comunidade Escolar como un organismo vivo, adaptado ao contorno, eficaz para dar cumprida resposta ás demandas do alumnado e do contorno en que se integra. Neste sentido prevese que os Centros poidan variar os contidos das ensinanzas que imparten en función das súas necesidades ou dos intereses da propia Comunidade Escolar, representada polo Consello Escolar.

Todas estas determinacións non son diferentes das que utilizaría calquera empresa para controlar o seu proceso produtivo, o que en definitiva nos leva á conclusión de que a adaptación ás necesidades e ás demandas sociais son o mellor camiño para a propia supervivencia do sistema.

Mentres que as decisións no ámbito do PCC corresponden ao Claustro de profesores, a Programación de Aula (PA) corresponde ao profesor ou grupo de profesores dunha Área ou materia, que deben decidir que contidos e en que orde se imparten ao longo dun curso, dun ciclo ou dunha etapa formativa.

### **2.3. Os temas transversais**

O carácter global e integrador do Currículo de Bacharelato implica que en todas as materias estean presentes unha serie de temas de tratamento xeral ao longo do correspondente desenvolvemento curricular. A Educación Plástica e Visual aborda estes contidos contribuíndo ao desenvolvemento dalgúns destes temas no grao que lles resultan máis específicos á materia.

Os temas a tratar son:

- \* Educación viaria.
- \* Educación para o consumo.
- \* Prevención do consumo de drogas.
- \* Educación para a saúde (prevención VIH/SIDA e ETS, promoción da vida sen tabaco, saúde bucodental, alimentación e dieta sa etc.).
- \* Educación para a paz e a multiculturalidade.
- \* Educación para a igualdade de ambos os xéneros.
- \* Educación para o lecer.
- \* Educación ambiental.

En relación coa educación para o consumo, esta área dota aos alumnos dunha serie de procedementos que lles permiten analizar criticamente as necesidades de consumo a través do coñecemento do deseño publicitario, cuns fundamentos que constitúen os elementos integrantes da imaxe que favorecen o desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva sobre as mensaxes que reciben nos diferentes ambientes e a través dunha gran diversidade de medios de comunicación visual.

Os produtos de consumo cultural, como o cine, teatro, pintura, novas tecnoloxías, Internet etc., que os alumnos utilizan xeralmente para cubrir momentos de tempo libre ao longo do día, son medios que provocan a capacidade creativa dos alumnos e que lles poden descubrir posíbeis aplicacións noutro terreo, descoñecidas até ese momento.

Os materiais e obxectos de refugallo, reciclados e reutilizados proporciónanlle ao alumnado instrumentos para a realización de actividades creativas, desenvolvendo unha conciencia sobre o gasto excesivo e o abuso de consumo.

Na educación ambiental, a Educación Plástica e Visual ten a súa maior colaboradora, xa que lles ofrece aos alumnos pautas para valorar as obras visuais creadas en relación co medio ambiente ou as obras que, como a arquitectura, urbanismo etc., mostran actuacións e comportamentos inadecuados ou de respecto polo medio ambiente. Esta área contribúe, pois, á mellora e ao desenvolvemento da comunicación das persoas co seu contorno.

Igualmente, mediante a Educación Plástica e Visual preténdese que os alumnos e alumnas respecten, valoren e conserven o patrimonio cultural, sensibilizándoos a través dunha actitude crítica e reflexiva. Mediante a relación cos demais e participando con outras persoas ou grupos na realización de actividades, tanto dentro como fóra do recinto escolar, chegarase a apreciar o enriquecemento que supón o traballo en equipo con outras persoas.

A igualdade entre os xéneros conséguese valorando por igual os criterios achegados por alumnas e alumnos, fomentando o interese pola análise crítica de contidos que posúan algún carácter de discriminación sexista nas representacións gráficas, como pode suceder na publicidade que utiliza a muller como símbolo sexual, procurando eliminar estereotipos que, de forma máis ou menos inconsciente, se reflicten no seu traballo, de xeito que se produza un cambio de actitude a partir da colaboración de ambos os xéneros nas distintas actividades e nos equipos de traballo.



A Educación Plástica e Visual tamén pode abordar outros aspectos como poden ser a educación para a paz, educación para a saúde etc., ao favorecer a colaboración entre os alumnos, o respecto polas opinións e polas solucións distintas ás propias, e ao promover o desenvolvemento emocional e psíquico, a autoestima, independencia e autonomía do alumno, a través das capacidades expresivas e creativas.

#### **2.4. A avaliación**

Na avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe deben terse en conta os seguintes aspectos:

- A utilización dos procedementos máis axeitados para chegar ao nivel de experimentación requirido.
- O deseño dunha secuencia lóxica na programación na aula.
- A organización dentro e fóra da clase.
- Contar cos medios e métodos de avaliación precisos.
- A programación e planificación de actividades interdisciplinares.
- O desenvolvemento das actividades e a interacción alumnos-medios.
- O papel que xoga o profesorado, a interacción profesor-alumno e a interacción entre os propios alumnos .
- As repercusións da actividade formativa no marco da programación xeral do Centro.
- O uso adecuado e crítico dos medios, tendo en conta os aspectos formais, os aspectos ideolóxicos da transmisión de mensaxes, a utilización de códigos de comunicación universais e a súa adaptación ao perfil psicolóxico do alumno e alumna.
- A propia avaliación da actividade, preguntándose se as estratexias adoptadas son as máis adecuadas e se a súa aplicación tivo un resultado positivo.

#### **Como avaliar**

A realización de actividades debe levar consigo o desenvolvemento de actitudes analíticas e críticas. Para desenvolver estes aspectos existen diversas técnicas, entre as cales se inclúen:

- ▷ Investigación na organización do traballo baseado nos apuntamentos e anotacións que cada grupo ou cada alumno elabora durante o proceso.
- ▷ Realización de enquisas e comentarios escritos individualizados sobre a repercusión no estado de coñecementos e os resultados afectivos e de autoestima que cada actividade proposta xera en cada un dos alumnos.
- ▷ Realización de reunións de grupo ou postas en común de toda a clase para analizar as actividades realizadas.
- ▷ Permitir o exercicio dunha observación externa crítica da actividade realizada na aula.

Por último, gustaríanos destacar o feito de que resulta moito máis proveitosa unha avaliación de tipo cualitativo, cuxo diagnóstico debe ter como fin a corrección daqueles aspectos do proceso que non resultasen satisfactorios para o Centro, para o profesorado ou para os alumnos e alumnas.

Existen dous tipos de avaliación:

### **1. Avaliación inicial:**

A avaliación inicial é un proceso que debe preceder á introdución de toda unidade didáctica e ten como finalidade obter información acerca dos coñecementos, habilidades e actitudes que posúen os alumnos e alumnas a quen vai dirixida a ensinanza.

O resultado desta avaliación dános idea das aprendizaxes previas dos alumnos, adaptando así a unidade didáctica correspondente aos seus coñecementos.

É interesante recoller as respostas, reaccións etc. do alumnado como base fundamental para o deseño dos módulos de aprendizaxe concéntricos e para perfilar a unidade, incorporando, reforzando... algúns dos elementos que a compoñen.

É moi importante que esta avaliación inicial non se lle presente ao alumno como un exame, senón como unha experiencia máis na aula.

### **2. Avaliación formativa:**

Unha das intencións da avaliación formativa é a de superar a relación da avaliación co exame ou cualificación final, centrando o interese nos aspectos que

se consideren importantes para a mellora do proceso. Esta avaliación debe realizarse ao longo de todo o proceso de aprendizaxe.

### **3. Programación da Educación Plástica e Visual**

#### **3.1. Introducción**

A EPV debe contemplarse como unha iniciación ao mundo da imaxe e a comunicación a través de diversos medios de expresión. Isto inclúe non só contidos conceptuais e actividades como as que até agora se viñan asimilando coa materia de Debuxo, senón tamén a inclusión de capacidades relacionadas coa lectura e expresión por medio de imaxes obtidas por diversos medios técnicos. Non é necesario reiterar a importancia no mundo actual da imaxe fotográfica, consumida a través da publicidade e a prensa fundamentalmente, da imaxe en movemento, recibida de forma cotiá a través do cinema ou da televisión, ou da imaxe dixital, que ten a súa máxima expresión en produtos informáticos, como os videoxogos, os CDs multimedia etc.

Os alumnos que cursan a ESO deben contar cuns coñecementos que abarquen:

1. A cultura da imaxe.
2. Os avances científicos e técnicos.
3. Os novos medios.
4. A arte como manifestación dun pobo e unha idiosincrasia propia que nos identifica fronte ao mundo.

É necesario tamén que o alumno se identifique co labor realizado na aula, tomando todos e cada un dos retos propostos polo profesor, entendido este como un dinamizador, como un obxectivo propio que lle permita obter por si mesmo coñecementos significativos, conceptos valiosos para a súa integración social e recursos metodolóxicos suficientes para resolver problemas e interpretar datos e informacións relacionadas coa representación gráfica, formal e artística, descritiva e técnica. Tamén debe ser capaz de utilizar as destrezas adquiridas como un recurso expresivo que lle axude na súa comunicación cos demais.

A experiencia de interpretación e creación de mensaxes visuais debe conducir ao alumno á comprensión da intención explícita ou oculta das mensaxes que recibe e facultalo para producir á súa vez mensaxes co mesmo grao de complexidade. Desta

maneira favorécese a liberdade do individuo fronte a aqueles que carecen de capacidade de análise e son máis propensos á alienación cultural.

Debe así mesmo procurarse no alumno o desenvolvemento de capacidades de expresión libre, de realización autónoma, de organización do traballo, de autovaloración do mesmo e de superación de retos, favorecendo actitudes de introspección, análise e proxección da propia obra no contorno cultural en que desenvolve a súa actividade.

### **3.2. Obxectivos xerais da etapa**

Os obxectivos propostos polo Decreto 133/2007, do 5 de xullo, son os seguintes:

1. Recoñecer a importancia da imaxe nos medios de comunicación de masas, a súa influencia no pensamento social e actuar de modo crítico ante as mensaxes visuais.
2. Valorar a expresión plástica como medio de expresión artística de sociedades e culturas diferentes.

Apreciala como un xeito de entendemento e concordia entre pobos, valorando as súas similitudes e diferenzas.

3. Recoñecer, comprender e valorar as manifestacións da cultura galega, apreciando o patrimonio cultural e contribuíndo á súa conservación e mellora.
4. Sensibilizar o alumnado ante o goce artístico e acadar os recursos suficientes para apreciar as diferentes representacións artísticas.
5. Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
6. Desenvolver o pensamento lóxico e matemático na resolución do proceso creativo aplicado á representación de formas e espazos mediante o emprego das proporcións e da perspectiva.
7. Expresarse con creatividade, utilizando as diversas ferramentas e técnicas plásticas e visuais, relacionándoas con outras linguaxes e aplicando nas

súas creacións as tecnoloxías da información e da comunicación mais axeitadas.

8. Utilizar a linguaxe plástica para expresar emocións e sentimentos, vivencias e ideas, contribuíndo á comunicación, reflexión crítica e respecto entre as persoas.
9. Planificar e reflexionar, de forma individual ou colectiva, sobre o proceso de realización dun obxecto partindo duns obxectivos prefixados e revisar e valorar, ao final de cada fase, o estado do seu desenvolvemento.
10. Aplicar as distintas técnicas de traballo cooperativo fomentando a responsabilidade e favorecendo o diálogo e a comunicación.
11. Establecer unha actitude positiva ante os novos retos, admitindo os erros e valorando os acertos como parte do proceso de formación do individuo.

Estes obxectivos poden complementarse ou ampliarse con aqueles que o Centro ou o equipo de profesores propoñan para a súa inclusión no PCC.

#### **4. Programación para o Primeiro Curso**

A Programación de Aula de EPV para o Primeiro Ciclo abarca a planificación dos obxectivos, os contidos e as actividades da Área de EPV ao longo do Primeiro Curso da ESO. Dado que esta Área non se imparte no Segundo Curso, estes obxectivos, contidos e actividades, así como os seus criterios de avaliación e promoción, deben ser os mesmos para todo o Primeiro Ciclo. Estes á súa vez deben estar coordinados e complementados polo deseño e programación que se executen nos cursos 3º e 4º da ESO.

Para axudar nesta tarefa considerouse como máis idónea a estruturación da materia en dez unidades didácticas, as cales conteñen o desenvolvemento completo dos contidos que se poden aplicar ao longo dun único curso.

No Primeiro Curso da ESO impártense 3 horas semanais de docencia, que, por un total de 36 semanas ao curso, dan, aproximadamente, 96 horas lectivas:

<b>Contidos</b>	<b>Núm. horas</b>
Unidade didáctica 1. A percepción	6
Unidade didáctica 2. O punto	12
Unidade didáctica 3. A liña	12
Unidade didáctica 4. O plano	12
Unidade didáctica 5. O volume	10
Unidade didáctica 6. A luz	6
Unidade didáctica 7. A cor	10
Unidade didáctica 8. A textura	10
Unidade didáctica 9. Sintaxe visual	10
Unidade didáctica 10. A publicidade	8

#### **4.1. Coñecementos previos**

Durante a etapa de Educación Primaria os alumnos e alumnas reciben un tipo de Educación Artística que inclúe tres vertentes: Música, Dramatización e Plástica, e o seu enfoque é fundamentalmente lúdico, facendo fincapé nas destrezas manipulativas máis que na fixación de conceptos. No entanto na ESO é preciso achegar niveis de razoamento complexos, favorecendo a capacidade de análise, ao fin de conseguir un desenvolvemento máis eficaz ao longo da etapa.

Para coñecer o seu estado de desenvolvemento é preciso tomar como referencia os aspectos evolutivos e psicopedagóxicos dos alumnos e as alumnas, así como os elementos curriculares que formaron parte da súa formación.

Neste sentido cabe sinalar que o proceso de ensino-aprendizaxe debe partir sempre dos coñecementos previos do propio alumno, provocando o seu interese a fin de que a aprendizaxe sexa significativa.

#### **4.2. Obxectivos**

Os contidos deben desenvolverse co fin de acadar os obxectivos propostos no Decreto de mínimos. Estes obxectivos establécense para o final da etapa formativa, polo

que deben ordenarse para Primeiro e Segundo ciclos, a fin de seleccionar aqueles contidos que farán máis fácil a súa consecución ao final de cada etapa.

Estes obxectivos deben facer fincapé nos aspectos máis creativos e formativos da área, como son a realización expresiva do alumno e a educación na sensibilidade do feito estético.

Ademais destes obxectivos, o profesor de EPV debe engadir na súa planificación didáctica aqueles outros que considere adecuados para levar a cabo o seu proceso didáctico para cada unidade didáctica e reflectilos na Programación de Aula como obxectivos específicos.

Estes serían os obxectivos para o Primeiro Ciclo:

- \* Percibir as imaxes do contorno natural, potenciando a sensibilidade e a imaxinación.
- \* Apreciar o feito artístico como fonte de goce estético.
- \* Aplicar a linguaxe plástica e visual buscando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.
- \* Comezar a empregar a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
- \* Estimular a expresión creativa autónoma e representación obxectiva de formas da natureza e do contorno.
- \* Contribuír a superar inhibicións axudando ao alumno a expresarse mediante a elaboración de imaxes.
- \* Favorecer o respecto doutros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos dominantes no contorno.
- \* Participar en actividades de grupo que favorezan actitudes de flexibilidade, solidariedade, tolerancia e interese.
- \* Coñecer e aplicar correctamente diversas técnicas manipulativas.
- \* Favorecer a aparición de hábitos de observación, atención, precisión e pulcritude.

### **4.3. Obxectivos didácticos**

#### **Unidade didáctica 1. A percepción**

- ▷ Posibilitar a expresión libre a través da linguaxe visual e plástica.

- ▷ Desenvolver e fomentar a capacidade de observación e percepción dos sentidos, fundamentalmente da vista, do oído e do tacto.
- ▷ Apreciar o feito artístico como fonte de gozo estético e parte integrante do patrimonio cultural propio.
- ▷ Identificar e definir os fundamentos da percepción visual e as súas características físicas e psicolóxicas.
- ▷ Descubrir as características básicas da imaxe en canto a composición e interpretación.
- ▷ Clasificar as imaxes segundo a súa función na sociedade e o seu uso.
- ▷ Comprobar e exercitar as posibilidades da imaxe como linguaxe expresiva.
- ▷ Ser consciente da importancia da imaxe no mundo actual.

### **Unidade didáctica 2. O punto**

- ▷ Recoñecer o punto como compoñente fundamental das imaxes que nos rodean.
- ▷ Manexar e aplicar correctamente técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, investigando nas súas posibilidades expresivas.
- ▷ Desenvolver a capacidade de observación e de análise crítica das imaxes gráfico-plásticas, apreciando a participación do punto na súa estrutura.
- ▷ Considerar e apreciar as expresións artísticas baseadas no punto (como o puntillismo e os mosaicos), como fonte de gozo estético e como parte integrante do patrimonio cultural
- ▷ Empregar axeitadamente a terminoloxía técnica relacionada coa expresión do punto.
- ▷ Comprender a importancia do punto como elemento fundamental da expresión gráfico-plástica.
- ▷ Recoñecer a organización a base de puntos das modernas técnicas de reprodución de imaxes.



### **Unidade didáctica 3. A liña**

- ▷ Identificar a liña como grafismo básico na composición da imaxe.
- ▷ Utilizar a liña como medio para comprender as estruturas formais que nos rodean.
- ▷ Manexar e aplicar correctamente diversas técnicas relacionadas coa liña e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a súa capacidade expresiva.
- ▷ Investigar nas posibilidades expresivas da liña, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.
- ▷ Empregar axeitadamente a terminoloxía específica, oral e gráfica, da linguaxe plástica e visual, en particular no que se refire á xeometría plana.
- ▷ Aplicar os fundamentos do Debuxo Técnico como destreza gráfico-plástica fundamental no deseño actual.
- ▷ Coñecer e recoñecer a capacidade expresiva da liña segundo o tipo de trazado e a ferramenta utilizada.

### **Unidade 4. O plano**

- ▷ Desenvolver a capacidade de observación e percepción como medio para comprender as estruturas formais planas que nos rodean.
- ▷ Coñecer e aplicar correctamente diversas técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, en particular no que se refire as figuras planas.
- ▷ Empregar axeitadamente a terminoloxía específica, oral e gráfica, da linguaxe plástica e visual, no que respecta á representación do plano.
- ▷ Introducir ao alumnado nos principios do Debuxo Técnico, como técnica gráfico-plástica fundamental no deseño actual.
- ▷ Comprender o Sistema diédrico como forma de proxectar sobre o plano as formas tridimensionais, clave dos procesos de deseño gráfico.
- ▷ Comprender o funcionamento do plano como elemento que permite a representación da terceira dimensión sobre unha superficie bidimensional, por superposición ou por métodos perspectivísticos.

### **Unidade 5. O volume**

- ▷ Adquirir conceptos básicos e terminoloxía relacionada co tema.
- ▷ Aumentar a capacidade de expresión.
- ▷ Coñecer, tomando como pretexto unha disciplina concreta, como é a escultura, determinados movementos artísticos.
- ▷ Valorar e respectar as diferentes tendencias.
- ▷ Ampliar o coñecemento de técnicas e materiais.
- ▷ Concienciar do aproveitamento e reciclaxe de materiais.

### **Unidade 6. A luz**

- ▷ Desenvolver a capacidade de observación e percepción da luz como fenómeno físico.
- ▷ Valorar a luz como parte fundamental do feito artístico.
- ▷ Recoñecer a luz como elemento definidor de volumes e utilizala na representación de formas e obxectos, descubrindo as súas calidades expresivas.
- ▷ Aplicar correctamente diversas técnicas básicas (lapis, carbón...) que lle permitan elaborar o efecto de claroscuro, así como coñecer as calidades e posibilidades expresivas da luz colorada.
- ▷ Adquirir hábitos de observación, atención, pulcritude e precisión, nas distintas fases de produción de calquera traballo proposto na aula.

### **Unidade 7. A cor**

- ▷ Desenvolver a capacidade de observación e percepción da cromaticidade no noso contorno.
- ▷ Analizar as estruturas cromáticas básicas na natureza e nos obxectos.
- ▷ Favorecer o uso orixinal e persoal da cor.
- ▷ Coñecer teorías sinxelas sobre a natureza da cor.
- ▷ Analizar as tres calidades que definen a cor: ton, saturación e luminosidade.

- ▷ Reproducir as cores da natureza de forma consciente.
- ▷ Analizar a variedade de gamas cromáticas existentes, recoñecendo os seus compoñentes na natureza e na arte.
- ▷ Coñecer e aplicar diferentes técnicas, procedementos e soportes gráfico-plásticos: acuarela, témpera, acrílicos, colaxe...
- ▷ Analizar a influencia da cromaticidade sobre as sensacións perceptivas e psicolóxicas: dor, alegría, calor, sono... Comprender a cor como portadora de sensacións e sentimentos.
- ▷ Desenvolver capacidades de análise crítica das imaxes gráfico-plásticas no referente á linguaxe cromática, tanto en producións figurativas como abstractas.

### **Unidade 8. A textura**

- ▷ Desenvolver a capacidade de observación e de percepción a través dos sentidos, en concreto, neste caso, do tacto e a vista.
- ▷ Ampliar o coñecemento de técnicas que nos axuden a favorecer a capacidade expresiva.
- ▷ Achegar ao alumnado ao mundo da arte e fomentar o respecto ás distintas tendencias.
- ▷ Adquirir conceptos básicos e terminoloxía apropiada.
- ▷ Concienciar da importancia da reutilización de materiais.

### **Unidade 9. Sintaxe visual**

- ▷ Guiar o instinto creador cun coñecemento obxectivo dos feitos visuais.
- ▷ Favorecer a desinhibición para posibilitar unha maior capacidade de expresión libre.
- ▷ Desenvolver a capacidade de observación e percepción para comprender as estruturas formais que nos rodean.
- ▷ Estimular a expresión creativa para que as composicións plásticas expresen niveis de aprendizaxe e personalidade creativa.

- ▷ Desenvolver a capacidade de análise crítica.
- ▷ Empregar adecuadamente a terminoloxía específica oral e gráfica da linguaxe plástica e visual, referida a este Primeiro Ciclo, tanto no referido a formatos e técnicas de encolado como á realización de comentarios de lectura visual, non só no ámbito da aula, senón facelo extensivo e permanente na expresión do alumno nos momentos nos que as circunstancias o requiran.
- ▷ Respeitar e apreciar outros modos de expresión visuais e plásticos diferentes dos propios e dos dominantes do contorno, superando estereotipos e convencionalismos, cunha actitude aberta e receptiva que lle permita aceptar estilos varios de creación tanto por parte de artistas consagrados como por compañeiros e compañeiras de clase.
- ▷ Apreciar os feitos plásticos no seu conxunto, tanto os referidos á representación plana como á escultórica, e saber discernir nun conxunto decorativo de interior xa sexa industrial ou doméstico, diferenciando os elementos importantes dos secundarios e apreciando a correcta relación do todo e das partes co contorno.
- ▷ Servir de estímulo para unha acción construtiva e a oportunidade para que cada individuo se vexa a si mesmo como un ser aceptábel que procura organizacións novas e harmoniosas e que logra ter confianza nos seus propios medios de expresión.

## **Unidade 10. A publicidade**

- ▷ Comprender o proceso da comunicación.
- ▷ Analizar os diferentes métodos de reprodución e difusión da imaxe.
- ▷ Distinguir as características fundamentais dos medios audiovisuais.
- ▷ Analizar os mecanismos que utiliza a publicidade.
- ▷ Analizar os novos medios e a súa relación coa imaxe.

### **4.4. Contidos conceptuais e procedementais**

Os contidos marcados na lexislación ordénanse e desenvólvense en forma de dez unidades didácticas:

### **Unidade didáctica 1. A percepción**

Mira ao teu arredor

1. Percepción da imaxe

2. Tipos de imaxes

Aprende as técnicas. O encadramento

Glosario

### **Unidade didáctica 2. O punto**

Mira ao teu arredor

1. Que é o punto?

2. O punto nas artes plásticas

3. O punto na técnica

Aprende as técnicas. O estarcido ou estencil

Glosario

### **Unidade didáctica 3. A liña**

Mira ao teu arredor

1. Que é a liña?

2. Tipos de liña

3. A expresión da liña

4. A liña axuda a representar a realidade

5. A liña nas artes plásticas

Aprende as técnicas. O debuxo técnico

6. A liña na xeometría

Glosario

### **Unidade didáctica 4. O plano**

Mira ao teu arredor

1. Que é o plano?

2. A expresión do plano

3. O plano nas artes plásticas

Aprende as técnicas. Xogando co plano

4. O plano na xeometría

Glosario

### **Unidade didáctica 5. O volume**

Mira ao teu arredor

1. Que é o volume?

2. A percepción do volume

3. Clasificación dos volumes

4. Materiais escultóricos

5. Modelado

6. Talla

7. Volume e xeometría

Aprende as técnicas. Os materiais reciclados

Glosario

### **Unidade didáctica 6 . A luz**

Mira ao teu arredor

1. Que é a luz?

2. Luz natural e luz artificial

3. A luz sobre os obxectos

Aprende as técnicas. O claroscuro

4. Direccións da luz

5. A luz nas artes visuais

Glosario

### **Unidade didáctica 7. A cor**

Mira ao teu arredor

1. Que é a cor?

2. Modulación da cor

3. Calidades da cor

4. Significado da cor

Aprende as técnicas. O gouache ou guache

Glosario

### **Unidade didáctica 8. A textura**

Mira ao teu arredor

1. Que é a textura?

2. Tipos de textura

3. Elección das texturas

4. Elaboración de texturas

5. A textura nas artes visuais

Aprende as técnicas. O papel xaspeado

Glosario

### **Unidade didáctica 9. Sintaxe visual**

Mira ao teu arredor

1. Que é a composición?

2. Variables compositivas básicas

3. Principios fundamentais da composición

Aprende as técnicas. O colaxe

Glosario

### **Unidade didáctica 10. A publicidade**

Mira ao teu arredor

1. Que é a comunicación?

2. Reprodución e difusión da imaxe

3. Os medios de comunicación

4. A publicidade

Aprende as técnicas. O taumatropo ou rotoscopio

Glosario

#### **4.5. Contidos actitudinais**

- Interese pola axeitada realización dos traballos artísticos desenvolvidos.
- Sensibilidade ante os fenómenos visuais e a obra estética.
- Hábito de atención para recoller información visual.
- Curiosidade por coñecer a cultura visual galega.
- Interese pola aprendizaxe das técnicas gráfico-plásticas.
- Aceptación e cumprimento das normas básicas de organización.
- Hábito de coidado ao material e instrumental propio da Área.
- Respecto ante as execucións plásticas dos compañeiros e compañeiras.
- Interese pola realización de traballos en equipo.
- Aprecio polas manifestacións culturais galegas.
- Curiosidade polas producións artísticas do contorno.

#### **4.6. Criterios de avaliación**

- \* Recoñecer as distintas manifestacións da linguaxe visual nas imaxes do contorno e clasificalas segundo a súa finalidade.
- \* Describir gráfica e plasticamente unha forma dada identificando os seus elementos constitutivos: configuración estrutural, textura e cor.
- \* Diferenciar a variedade de texturas visuais e táctiles que se poden producir con diversas técnicas e materiais.
- \* Describir graficamente formas identificando a súa orientación espacial e a relación entre as súas direccións.
- \* Representar figuras do natural mediante o encaixe e o claroscuro.
- \* Debuxar formas xeométricas simples empregando procedementos técnicos axeitados.
- \* Representar con formas planas sensacións espaciais, utilizando cambios de tamaño, superposicións e contrastes.



- \* Representar un espazo do contorno utilizando como recurso expresivo o contraste lumínico.
- \* Valorar os aspectos estéticos dos feitos artísticos contemporáneos e dos que compoñen o patrimonio cultural galego.

## 5. Programación para Terceiro Curso

A Programación de Aula de EPV para Terceiro Curso debe ter en conta que as alumnas e alumnos levan un ano sen impartir a materia, que é necesario recordar e fixar todos os coñecementos adquiridos ao longo do Primeiro Ciclo, que o seu nivel de madureza lles permite adquirir coñecementos máis complexos e tendo en conta que en moitos casos non continuarán esta formación en Cuarto Curso.

En Terceiro Curso da ESO impártense 2 horas semanais de docencia, que, por un total de 36 semanas ao curso, dan, aproximadamente, 72 horas lectivas.

Contidos	Núm. horas
Unidade didáctica 1. A imaxe no mundo actual	6
Unidade didáctica 2. Elementos da imaxe	10
Unidade didáctica 3. Análise da obra plástica. A composición	8
Unidade didáctica 4. Xeometría plana	12
Unidade didáctica 5. Sistemas de representación	12
Unidade didáctica 6. O deseño gráfico	8
Unidade didáctica 7. A imaxe secuenciada	8
Unidade didáctica 8. A fotografía e o cinema	8

### 5.1. Coñecementos previos

Durante o Primeiro Ciclo da ESO as alumnas e alumnos de EPV comezan a desenvolver a súa capacidade de percepción e a expresarse de forma libre e creativa por medio das técnicas máis adecuadas ao seu nivel de desenvolvemento.

Este é o momento de fixar coñecementos e destrezas co fin de obter os resultados desexábeis. Debemos ter en conta este punto de partida, así como a programación elixida

para esta etapa formativa, para avanzar no seu coñecemento por medio de experiencias artísticas, técnicas ou manipulativas relacionadas coa imaxe.

## **5.2. Obxectivos**

Os obxectivos para Terceiro Curso deben ser os xerais de etapa, posto que moitos alumnos rematarán aquí a súa formación artística e plástica.

Estes obxectivos son os seguintes:

- \* Percibir e interpretar as imaxes e as formas do contorno natural e cultural, potenciando a sensibilidade, a memoria visual e a imaxinación.
- \* Considerar e apreciar o feito artístico como fonte de goce estético e como parte integrante do patrimonio cultural, contribuindo activamente ao seu respecto, conservación e mellora, poñen do especial énfase nas manifestacións propias da cultura galega.
- \* Aplicar a linguaxe plástica e visual noutras áreas do currículo, establecendo relacións coas demais linguaxes procurando o modo máis persoal e expresivo de comunicar.
- \* Adquirir e empregar con precisión a terminoloxía específica da linguaxe plástica e visual.
- \* Estimular a expresión creativa valorando o personalismo expresivo, a sensibilidade, a orixinalidade e a análise das representacións obxectivas ou subxectivas, individuais ou colectivas.
- \* Valorar a importancia da linguaxe visual e plástica como medio de expresión e comunicación que contribúe a superar inhibicións e, polo tanto, axuda ao benestar persoal.
- \* Respetar e apreciar outros modos de expresión visual e plástica distintos do propio e dos dominantes no contorno, superando estereotipos e convencionalismos, elaborando xuízos e criterios persoais que permitan actuar con iniciativa e autonomía.
- \* Participar en actividades de grupo planificando individual e conxuntamente as fases do proceso para adecualas aos fins que se pretenden acadar. Adoptar

actitudes de flexibilidade, solidariedade, tolerancia e interese, superando prexuízos e rexeitando calquera tipo de discriminación.

- \* Coñecer e aplicar correctamente diversas técnicas e desenvolver destrezas que favorezan e amplíen a capacidade expresiva, valorando o esforzo e o afán de superación que supón o proceso creativo.
- \* Facer uso dos hábitos adquiridos de observación, atención, precisión, pulcritude, reflexión, análise crítica e revisión nas distintas fases de elaboración dunha obra individual ou colectiva.

### **5.3. Obxectivos didácticos**

#### **Unidade didáctica 1. A imaxe no mundo actual**

- ▷ Expresarse de maneira libre e autónoma, utilizando os elementos básicos da linguaxe visual.
- ▷ Aumentar a capacidade de observación e interpretación dos estímulos visuais.
- ▷ Experimentar cos mecanismos da percepción.
- ▷ Recoñecer a importancia da imaxe no mundo actual, tentando utilizala como medio de expresión e comunicación cos demais.
- ▷ Clasificar as imaxes en función das distintas técnicas de realización e das distintas utilizacións da mesma.
- ▷ Analizar as imaxes en función dos seus contidos e dos seus significados.

#### **Unidade didáctica 2. Elementos da imaxe**

- ▷ Coñecer os elementos básicos que forman as imaxes que te rodean e coas que te encontras na túa vida diaria.
- ▷ Comprender que é o espazo, os aspectos perceptivos que suxiren o efecto do espazo e as claves que resolven a profundidade no plano
- ▷ Recoñecer a importancia da luz e da cor na percepción do espazo.
- ▷ Comprender e definir o concepto de volume e saber cales son as súas calidades expresivas.

- ▷ Identificar e analizar as relacións que existen entre as diferentes cores, a fin de utilizalas con fins expresivas. Descubrir como se presentan estas relacións na sociedade actual e no contorno cotián, o mesmo que no mundo da arte e da comunicación.
- ▷ Saber diferenciar entre textura visual e táctil, recoñecendo e analizando as texturas do contorno e do campo da plástica, chegando a crear, con imaxinación, texturas propias.
- ▷ Saber que é unha forma e as súas variedades, as súas calidades expresivas e a súa relación no terreo da expresión gráfico-plástica.
- ▷ Observar e representar a forma das cousas en conxunto e por separado.

### **Unidade didáctica 3. Análise da obra plástica. A composición**

- ▷ Diferenciar os elementos plásticos dentro dunha composición.
- ▷ Comprender os valores compositivos dunha obra.
- ▷ Desenvolver capacidades de análise críticas das imaxes a partir de representacións figurativas e abstractas.
- ▷ Empregar os recursos adquiridos para analizar os elementos visuais e as súas interaccións compositivas.
- ▷ Ir introducindo no vocabulario persoal a terminoloxía específica da linguaxe plástica nos comentarios de lectura visual.

### **Unidade didáctica 4. Xeometría plana**

- ▷ Recoñecer o trazado xeométrico como estrutura básica no deseño industrial e gráfico.
- ▷ Identificar o Debuxo Técnico como unha técnica esencial no deseño actual.
- ▷ Percibir as liñas como organizadoras das estruturas formais do contorno.
- ▷ Experimentar coa expresividade das construcións xeométricas.
- ▷ Empregar adecuadamente a terminoloxía específica referida ás representacións planas.

- ▷ Aplicar correctamente diversos métodos para representar elementos xeométricos planos.
- ▷ Desenvolver estruturas modulares e rítmicas.

### **Unidade didáctica 5. Sistemas de representación**

- ▷ Recoñecer que a representación dos obxectos do noso contorno se fundamenta na proxección dos mesmos sobre o plano de debuxo.
- ▷ Comprobar que os sistemas de representación constitúen a base xeométrica para trasladar ao papel o mundo que nos rodea.
- ▷ Experimentar que a percepción da profundidade vén indicada pola diferenza relativa de tamaño, a superposición ou a posición con respecto ao marco.
- ▷ Representar volumes de diferentes maneiras, segundo as regras xeométricas que rexen en cada sistema.
- ▷ Empregar a terminoloxía específica de cada Sistema de Representación.

### **Unidade didáctica 6. O deseño gráfico**

- ▷ Desenvolver unha actitude crítica ante as mensaxes visuais.
- ▷ Ser capaces de emitir mensaxes visuais combinando a linguaxe escrita con imaxes.
- ▷ Elaborar mensaxes acerca dun produto, unha idea, unha imaxe ou unha empresa, relacionando adecuadamente os elementos gráficos tales como: títulos, textos ou ilustracións, a fin de que a mensaxe se transmita de modo orixinal e eficaz.
- ▷ Comprender as relacións da linguaxe visual e plástica con outras linguaxes, en función das súas necesidades de comunicación.
- ▷ Recoñecer a importancia da imaxe no mundo actual e utilizala como medio de expresión e comunicación cos demais.
- ▷ Coñecer os termos específicos do deseño, a tipografía etc.

### **Unidade didáctica 7. A imaxe secuenciada**

- ▷ Coñecer e diferenciar as características do cómic e a fotonovela.

- ▷ Distinguir os diferentes elementos que interveñen nas historietas gráficas.
- ▷ Desenvolver capacidades creativas narrando historias compostas por debuxos e textos.
- ▷ Fomentar a capacidade de síntese e análise gráficas.
- ▷ Realizar relatos secuenciados a partir de fotogramas ou imaxes fotográficas.
- ▷ Diseñar e proxectar unha fotonovela, utilizando para isto os medios técnicos máis apropiados e os fundamentos básicos da linguaxe audiovisual.
- ▷ Utilizar fotografías para compoñer secuencias de imaxes, expresando ideas ou transmitindo informacións e mensaxes de calquera tipo.

### **Unidade didáctica 8. A fotografía e o cinema**

- ▷ Iniciarse no campo das artes de creación visual.
- ▷ Descubrir cales son as partes máis importantes da cámara de fotos e os elementos que hai que ter en conta á hora de facer fotografías.
- ▷ Aprender a coordinar todos os elementos que determinan unha boa exposición, facendo uso dos elementos que interveñen na linguaxe fotográfica: encadramento, iluminación, forma, ritmo, textura.
- ▷ Coñecer os comezos do cinema, así como as principais achegas deste medio de expresión ao mundo da imaxe.
- ▷ Aprender a expresarse creativamente mediante a elaboración de pequenos proxectos con imaxe en movemento.

### **5.4. Contidos conceptuais e procedementais**

#### **Unidade didáctica 1 . A imaxe no mundo actual**

Mira ao teu arredor

1. A imaxe no mundo actual
2. Clasificación da imaxe
3. Lectura de imaxes

Coñece os estilos. A paisaxe romántica

Ideas clave

Glosario

### **Unidade didáctica 2. Elementos da imaxe**

Mira ao teu arredor

1. Elementos conceptuais
2. A forma
3. Elementos que caracterizan a forma

Cóñece os estilos. O Impresionismo

Ideas clave

Glosario

### **Unidade didáctica 3. Análise da obra plástica. A composición.**

Mira ao teu arredor

1. A composición. Análise de formas.
2. Equilibrio.
3. A tensión visual
4. Miramos unha obra de arte
5. Análise dunha obra plástica

Cóñece os estilos. A arte abstracta

Ideas clave

Glosario

### **Unidade didáctica 4. Xeometría plana**

Mira ao teu arredor

1. Elementos xeométricos
2. Construción de formas poligonais
3. Tanxencias
4. Óvalo e ovoide
5. Espiral

6. Módulos e redes bidimensionais
7. Proporción
8. Relacións de proporción entre formas

Coñece os estilos. Op art

Ideas clave

Glosario

### **Unidade didáctica 5. Sistemas de representación**

Mira ao teu arredor

1. Proxeccións
2. Os sistemas de representación
3. O sistema diédrico
4. Sistema acoutado
5. Sistema axonométrico
6. Sistema de perspectiva cabaleira
7. Sistema cónico

Coñece os estilos. O Racionalismo

Ideas clave

Glosario

### **Unidade didáctica 6. O deseño gráfico**

Mira ao teu arredor

1. Que é o deseño gráfico?
2. Deseño de identidade
3. Deseño de edición
4. Deseño publicitario

Coñece os estilos. Are “povera”

Ideas clave

Glosario



## **Unidade didáctica 7. A imaxe secuenciada**

Mira ao teu arredor

1. A banda deseñada
2. A fotonovela
3. O guión

Coñece os estilos. Pop art

Ideas clave

Glosario

## **Unidade didáctica 8. A fotografía e o cinema**

Mira ao teu arredor

1. O nacemento da fotografía
2. A cámara fotográfica
3. A toma fotográfica
4. Os xéneros fotográficos
5. O nacemento do cinema
6. Os xéneros cinematográficos
7. A televisión

Coñece os estilos. O expresionismo cinematográfico

Ideas clave

Glosario

### **5.5. Contidos actitudinais**

- Apreciar e gozar os fenómenos estéticos.
- Ser consciente de que os avances da técnica e da tecnoloxía proporcionan novos medios e materiais ao campo artístico.
- Respetar os traballos, solucións e opinións das compañeiras e dos compañeiros e contrastar coas propias, extraendo conclusións.
- Avaliar o proceso creativo desde a idea até a resolución e presentación final.

- Preocuparse activamente pola conservación do patrimonio cultural galego.
- Valorar o esforzo persoal e o afán de superación.

### **5.6. Criterios de avaliación**

- \* Analizar imaxes tendo en conta elementos básicos constitutivos da sintaxe visual.
- \* Seleccionar os elementos configurativos da liña e textura, adecuándoos á descrición analítica da forma.
- \* Diferenciar e representar os matices da cor na natureza e no contorno.
- \* Representar xeometricamente formas naturais e artificiais.
- \* Diseñar composicións modulares sobre redes poligonais.
- \* Interpretar composicións procurando distintas alternativas na organización das formas.
- \* Describir unha forma tridimensional simple mediante a representación das súas vistas fundamentais.
- \* Representar a forma tridimensional nun plano, utilizando métodos normalizados como recurso gráfico.
- \* Recoñecer distintos soportes e técnicas de expresión gráfico-plásticas.
- \* Utilizar adecuadamente técnicas gráficas segundo as intencións comunicativas.
- \* Recoñecer obras e artistas do patrimonio cultural galego.

## **6. Estratexias didácticas**

Enténdense por estratexias didácticas os recursos metodolóxicos que todo profesor utiliza para acadar os obxectivos marcados. Nese sentido na EPV debe empregarse unha metodoloxía activa, en que o principio fundamental deberá ser “aprender a ver e a expresarse plasticamente mediante unha linguaxe baseada na percepción visual (aprender a facer)”.

Isto conséguese mediante actividades que provoquen un encontro coa súa realidade a través de vivencias significativas que faciliten a expresión formal a partir da práctica e da observación e que, ao tempo, propicien a busca de información por medio do propio

traballo. Nese sentido recoméndase que as actividades sexan variadas, abertas, motivadoras, diversas e significativas.

### **6.1. O labor do profesorado**

Para encarar este reto conceptual o profesor de EPV debe armarse dunha completa bagaxe de coñecementos e de recursos que lle permitan dar á experiencia didáctica unha flexibilidade que antes non tiña.

A súa formación universitaria e académica debe sumar aqueles contidos non propios que lle axuden a completar o universo de experiencias que debe formar o coñecemento das súas alumnas e alumnos. Esíxese, por tanto, unha mentalidade aberta, non dogmática nin propedéutica, capaz de asimilar as novas formulacións a fin de facilitar a aprendizaxe dos contidos que se sinalan neste manual.

A experiencia didáctica en EPV debe estar fundamentada na actividade na aula, facilitando a utilización constante dos distintos procedementos de expresión plástica e artística. Desta maneira conséguese que o coñecemento dos alumnos avance a partir da experiencia e a manipulación.

Esta actividade na aula debe desenvolverse a partir de proxectos nucleares que impliquen toda a clase e xeren experiencias que enriquezan o coñecemento de cada un dos suxeitos implicados no proceso.

A partir destas experiencias nucleares débese promover o desenvolvemento de novas actividades que favorezan a progresión do coñecemento adquirido. Neste sentido as actividades deben organizarse de conformidade co concepto de “Taller” e a aula debe converterse, deste modo, nun “laboratorio de experimentación” en que se vaian acumulando os resultados do labor docente ao longo do curso e dos diferentes cursos en que se imparte a materia.

### **6.2. As actividades**

Existen varios tipos de actividades posibles en EPV e todas elas deben desenvolverse na aula, graduando os seus tempos e a súa profundidade.

**1. Actividades de observación.** Que potencien o desexo innato do individuo de rexistrar as súas impresións sensoriais, de clarificar os seus coñecementos conceptuais,

de construír a súa memoria, de elaborar cousas coas que axudar as súas actividades prácticas. Algúns individuos nacen cunha aptitude para a atención concentrada e para a coordinación viso-manual comprendida no acto de rexistrar o observado. Pero, na maioría dos casos, o ollo humano e os demais órganos da sensación deben ser adestrados, tanto para a observación como para a notación.

**2. Actividades de interpretación** do que vemos, a partir da alfabetización visual, do coñecemento dos elementos da linguaxe visual e a súa sintaxe.

**3. Actividades de apreciación** do modo en que outras persoas se expresaron, como resposta do individuo aos valores do mundo dos feitos. Desenvólvese como un aspecto de adaptación social e, polo tanto, non chega a manifestarse antes da adolescencia.

**4. Actividades de autoexpresión.** Como necesidade innata do individuo de comunicarlle a outros os seus pensamentos, sentimentos e emocións.

**5. Actividades de autoaprendizaxe,** a partir da experimentación con distintos materiais, técnicas, sistemas, soportes, modos de expresión etc.

### **6.3. A diversificación curricular**

A diversificación curricular debe tratarse como unha forma de atención á diversidade que se dá de modo natural en todos os niveis educativos. Nese sentido, deben elaborarse, cando así se considere oportuno, adaptacións curriculares para atender estes casos.

As adaptacións curriculares son decisións relativas á organización dos recursos dirixidos á análise dos diferentes alumnos e alumnas. É tamén unha “forma de atención á diversidade, baseada en concrecións do currículo que permiten individualizar os procesos de ensinanza-aprendizaxe para atender o alumnado con necesidades educativas especiais. Consisten na adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos e a modificación dos criterios de avaliación, así como na ampliación das actividades educativas en determinadas áreas curriculares. Deben ir precedidas dunha avaliación das necesidades educativas do alumno e dunha proposta curricular específica”<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> *Vocabulario básico de la Reforma Educativa*. Ed. Edebé, páx. 3.

As adaptacións curriculares comprenderán a adecuación dos obxectivos educativos, a eliminación ou inclusión de determinados contidos, a metodoloxía que se vai seguir e a conseguinte modificación dos criterios de avaliación, así como a ampliación das actividades educativas de determinadas áreas curriculares. En todo caso estarán precedidas dunha avaliación das necesidades educativas especiais do alumno e dunha proposta curricular específica.

Dadas as características artísticas innatas tan diferentes dos alumnos e alumnas de EPV, resulta conveniente sempre organizar, polo menos, tres niveis de aprendizaxe distintos:

**O nivel xeral**, para a maioría da clase.

**Un nivel para alumnos e alumnas con dificultades** nesta materia, con actividades máis simplificadas e de reforzo dalgúns aspectos máis fundamentais.

**Un nivel complementario** para aqueles alumnos con maior capacidade de asimilación de conceptos, maior destreza manual ou máis facilidade de expresión artística, para evitar que se frustren por aburrimiento, esperando a que rematen os seus compañeiros e compañeiras.

Esta área ofrece unha ampla posibilidade de diferentes estratexias que permiten darlles aos alumnos e alumnas resposta ás súas diversas realidades, relacionadas tanto co método de ensino como coa organización interna do grupo na aula.

O primeiro instrumento de diagnóstico será a avaliación inicial, que nos permitirá coñecer o nivel de partida de cada alumno, utilizando unha serie de actividades que van desde as construcións xeométricas simples até traballos de expresión libre, que proporcionarán a información necesaria para coñecer o nivel perceptivo e expresivo de cada un deles.

En canto aos contidos deben diferenciarse con claridade aqueles coñecementos básicos dos complementarios, tomando como básicos os seguintes:

- Os imprescindibles para aprendizaxes posteriores (operacións básicas de xeometría, fundamentos dos diferentes sistemas de representación etc.).

- Os que contribúen ao desenvolvemento de capacidades básicas (percepción, comprensión, expresión etc.).
- Os que denotan un maior nivel de funcionalidade en diversos aspectos da vida cotiá (proporción, escalas etc.).

#### **6.4. Recursos materiais**

Entendemos por Recursos materiais aqueles que se refiren ás condicións da aula e a súa dotación básica e específica, entendendo como tales non só as dotacións específicas ligadas á aplicación da normativa legal (aula, dotacións básicas), senón tamén todas aquelas que son opcionais e que dependen en boa medida da disposición do profesorado ou das disponibilidades propias do Centro.

Resulta evidente que unha aula de EPV ben dotada debe verse incrementada de forma paulatina ao longo da práctica docente e que, ás veces, supón contar con recursos que son o froito de moitísimos anos de compras e achegas de todas as institucións e estamentos implicados na xestión do Centro, incluíndo a alumnos, nais, pais, institucións locais, representantes políticos, empresas etc.

#### **A aula de EPV**

A aula de EPV debe ser unha aula ampla e con iluminación adecuada. O máis conveniente, ademais da mesa do profesor, é que teña tamén unha mesa longa que ocupe unha parede da aula. Nela deben situarse os numerosos recursos que imos utilizar nas nosas actividades. Tamén é conveniente que os instrumentos de uso máis xeneralizábel estean en sitio visíbel e de fácil acceso.

O carácter de integración que supón o desenvolvemento das actividades na aula fai que esta deba conter a maior e máis adaptada cantidade de instrumentos de uso posíbeis. O feito de que estean ao alcance de todos eles e formen parte das experiencias a desenvolver durante o curso facilita a adaptación do alumnado á comprensión dos contidos e favorece a adquisición de destrezas no uso e manipulación dos instrumentos e os recursos.

A continuación facemos unha breve enumeración das condicións e dotacións que deben formar parte desta aula:

### 1. Organización del aula:

Debe procurarse que a organización da aula sexa flexíbel, de forma que o alumnado poida agruparse en distintos espazos en grupos ou individualmente para realizar tarefas determinadas no proceso de creación.

Neste sentido convén que a disposición das mesas poida variarse con facilidade. Do mesmo modo é importante dispoñer de espazos abertos e mesas longas pegadas ás paredes.

Esta forma de organizar a aula debe estenderse á propia concepción da actividade formativa, de maneira que os grupos de traballo teñan flexibilidade á hora de decidir as súas propias accións: saír fóra da aula, traballar noutro espazo ou programar actividades interdisciplinares con outras Áreas ou materias.

O uso de diversas técnicas pode facer necesario compartir recursos con outras Áreas, tal como pode entenderse no uso de medios informáticos, equipos de vídeo, radio, televisión etc.

### 2. Disposición:

**Ben iluminada:** Ventás amplas e altas, só a un lado da aula.

Orientada cara ao sur. Isto permite ter luz natural durante case todo o día, seguindo a posición do sol.

### 3. Mobiliario:

**Encerado branco:** é máis útil que o encerado tradicional, non só porque non mancha senón tamén porque permite proxectar directamente sobre el.

**Pantalla de proxección:** malia ter un encerado branco, p método máis útil para unha eficiente proxección é unha pantalla destinada a este efecto que pode recollese por enriba do encerado branco ou o encerado tradicional.

**Panel de cortiza:** serve para acumular imaxes, informacións útiles, tarefas a realizar, fichas ou esquemas de produción.

**Móbel para TV:** é mellor que teña caixóns e portas, sobre todo na parte baixa, para gardar elementos que se poden perder, que non deben ser manipulados ou que resultan de certo valor: cables, fachos, caixa de ferramentas, cintas de vídeo etc.

**Móbel biblioteca:** pode servir para ter os libros relacionados coa materia e canta documentación sexa precisa.

#### 4. Instrumentos de proxección:

**Retroproector:** imprescindible.

**Proector de diapositivas:** imprescindible.

**Xogo de tres focos de cores:** azul, verde e vermello (síntese aditiva), con trípode ou soporte adecuado. Serve para facer xogos de sombras ou experiencias con cores.

**Prisma óptico:** permite explicar a síntese da cor e realizar experiencias con luz na aula.

#### 5. Instrumentos fotográficos:

**Cámara fotográfica:** preferibelmente de paso universal (35 mm).

**Laboratorio fotográfico en branco e negro:** comprende ampliadora e todos os instrumentos propios dun laboratorio. Imprescindíbel para coñecer os mecanismos de produción de imaxes tomadas da realidade.

**Mesa de ampliación:** pódese construír coa columna da ampliadora. É necesaria para reproducir calquera ilustración ou obxecto de pequeno tamaño mediante unha cámara de fotos. Moi útil cando se ten. Tamén se pode usar para crear debuxos animados.

#### 6. Instrumentos de vídeo:

**Televisor:** permite ver programas de televisión ou cintas gravadas previamente en vídeo ou DVD.

**Vídeo gravador/reprodutor:** permite gravar/reproducir cintas de vídeo. Resulta conveniente telo conectado ás emisións libres de televisión.

**DVD gravador/reprodutor:** permite gravar/reproducir DVD. Resulta conveniente telo conectado ás emisións libres de televisión.

#### 7. Instrumentos informáticos:

**Ordenador gráfico:** con capacidade para o tratamento de imaxes dixitais.

**Impresora en cor:** que permita a reprodución de imaxes dixitais.

**Escáner:** para a dixitalización de imaxes planas.

### 6.5. Aspectos interdisciplinares

É necesario tamén recalcar que a EPV non debe deixar de lado o aspecto tecnolóxico que comporta a comunicación a través de imaxes. De todos é sabido que o debuxo e a



descripción gráfica están intimamente ligados ao mundo da tecnoloxía e a fabricación industrial. Neste sentido o debuxo e, sobre todo, o debuxo normativizado e técnico están altamente indicados como método descritivo para algunhas fases da ideación e da construción de obxectos.

Neste sentido a Área de EPV vese apoiada e debe coordinar as súas actividades con materias e áreas que conteñen nas súas programacións temas e contidos de carácter similar. Para isto cómpre unha coordinación interdisciplinar que evite os desfases ou as redundancias na exposición de contidos e na súa repetición. Desta maneira pódese aproveitar a explicación de contidos similares por parte doutras áreas: xeometría plana, descritiva, para desenvolver actividades que, sen repetir contidos, resulten complementarias.

Así, é fácil comprender que, cando se trate de problemas de construción de polígonos na Área de Matemáticas, se poden desenvolver actividades de construción de formas estreladas coloradas ou outras combinacións de carácter decorativo en EPV, así como todo o relativo ás formas xeométricas, ás súas superficies e volumes, así como ás escalas e proporcións.

Cando se trate o tema da luz en Ciencias da Natureza, é interesante que se leven a cabo experiencias de creación do arco iris ou de construción do círculo cromático en EPV, así como realizar traballos de observación do medio e análise das formas naturais.

Cando se trate da descripción normativizada de obxectos en Tecnoloxía, pódense facer exercicios sinxelos de descritiva en EPV, tomando para isto exemplos próximos ao alumnado, como poden ser a planimetría da aula ou do Centro educativo, as curvas de nivel dun mapa de superficie etc., axudados sempre pola relación do plano descritivo co obxecto descrito, así como a análise de distintos aspectos do deseño de máquinas ou obxectos de uso cotián.

Coa Lingua e Literatura (galega e castelá) poderase abordar a decodificación de linguaxes gráficas para codificalas por medio da linguaxe escrita ou oral, e viceversa, realizando ilustracións de contos. Coas Ciencias Sociais, poderán coordinarse todos os aspectos relacionados coa Historia da Arte. Coa Música, aqueles aspectos relacionados cos ritmos visuais e sonoros, e coa Educación Física, todo o relacionado coas proporcións do corpo humano.

### **Nota final**

Os obxectivos, contidos actitudinais, criterios de avaliación e outros aspectos da programación son os que veñen marcados pola lei, os decretos e as publicacións oficiais que a regulan e complementan.

Os contidos conceptuais e procedementais son os propostos nos textos editados por Baía Edicións-Consortio Editorial Galego.